



Adega do Pazo de Seara

FERNANDO RODRÍGUEZ NESPEREIRA.

- Realiza estudos universitarios na E.A.A.T.T. de Madrid onde se licencia no ano 1972 como Arquitecto Técnico en Execución de Obras.
- Profesor numerario de Debuxo por oposición en prácticas de Delineación.
- Membro da Comisión de Turismo da Cámara de Comercio de Ourense.
- Autor da Guía Turística Ourenseana.
- Asesor do Patronato de Turismo de Ourense.
- Desempeñou o cargo de Apa-

rellador Municipal nos concellos de Entrimo, Muiños e A Rúa.

- Realiza varios traballos por encargo da Consellería de Educación da Xunta e dicta conferencias.
- No apartado de restauracións e rehabilitacións, podemos destacar os seguintes traballos:
 - Estudo, valoración e recomendacións para a rehabilitación da casa rural galega nas comarcas de Arzúa e Melide.
 - Estudo da arquitectura, recursos turísticos e rehabilitación da casa

labrega e o seu acomodo para o turismo rural na Ribeira Sacra Ourenseana.

- Inventario de recursos turísticos da Ribeira Sacra Ourenseana e Lucense.
- Señalización turística da Ribeira Sacra.

No apartado de Exposicións compre subliñar:

- A nosa Arquitectura Rural.
- Ourense vello, o noso patrimonio.
- Arquitectura Popular na Ribeira Sacra Ourenseana.



Fernando Rodríguez Nespereira

Estudio subvencionado pola
Cámara de Comercio e Industria de Ourense

Debuxos orixinais: **José M. Movilla**
José Luis Quiroga González
Gilberto Rodríguez Nóvoa


CONSTRUCCIÓN AUXILIARES

A vida rural do campesiño necesitaba de construcións auxiliares de tipo variado para resolver os problemas que se lle presentaban nas súas tarefas cotidianas agrícolas e gandeiras.

Analizaremos neste número as casas-

palleiras, os alpendres ou combarrizos, adegas e fornos comunais.

O coidado da gandeiría necesitaba construcións auxiliares específicas para gardar o gando pola noite e nos momentos de climatoloxía moi adversa, e tamén para a almacenaxe da herba seca usada para a alimentación do mesmo durante o inverno. Na meseta de Esgos e Luítra atópanse construcións que combinan a corte e a palleira de grande beleza e plasticidade.



Casa-Palleiro. Cara principal

CASAS-PALLEIRAS

Son edificacións de planta cadrada, executadas en pedra granítica de mampostería concertada de dúas plantas que exteriormente parecen casas inacabadas.

A planta baixa contén unha soa estancia, con acceso por un portalón (amplo para permitir a entrada do carro nas labores de estrado e desestrado da corte), sen ningún tipo de xanelas, únicamente con pequenas buratas de ventilación.


A planta superior, destinada á almacenaxe e secado da forraxe, ten unha curiosa construción. Só se elevan as súas esquinas e partes centrais dos muros perimetrais, dando a sensación de fachada inacabada, quedando grandes panos centrais da mesma ao descuberto, que posteriormente son pechados cun entaboadado de madeira, composto por pezas separadas entre si, co fin de conseguir a ventilación que permita a boa conservación da palla. A cara norte constitúe unha excepción ao estar as táboas totalmente xuntas, para así resgardar a palla almacenada das inclemencias do tempo.

○ acceso a esta planta efectúase polo exterior, por unha escaleira de pedra rudimentaria e pouco elaborada, carecendo a maioría das veces de barandilla.


Estas edificacións non están moi separadas da vivenda, Aínda que as veces están estratéxicamente situadas entre esta e as terras de labor.

Outras veces estas palleiras están ubicadas en construcións de planta baixa, aínda que sempre elevadas do chan para preservar a palla da humidade. Este tipo de palleira localízase nas terras de Parada do Sil e A Teixeira.


ALPENDRES OU COMBARRIZOS




Cara posterior




Cara lateral dereita




Cara lateral esquerda



Pranta térrea



Primeiro andar



Estructura de cuberta

Ao redor da vivenda, dando case sempre a un patio, e outras veces adosados á mesma casa, sitúanse os alpendres ou combarrizos, empregados para gardar todo tipo de ferramentas de labranza, fundamentalmente o carro, a leña para o consumo diario, a escaleira de man e todo aquilo que non ten un lugar preciso para ser gardado.

A súa construción é moi rudimentaria, elevada sobre columnas ou esteos de materiais e formas moi diversas pola súa parte dianteira, o que lle permite ter até dúas ou tres fachadas abertas, estando a cuarta fachada adosada ao muro da mesma casa ou ao peche do patio. A cuberta, necesaria para protexer o alí gardado da chuva, execútase con estrutura de madeira, a base de tesouras, trabes, pontóns e enlatado, sobre o que se dispón a tella curva. As súas formas son moi variadas, dependendo da ubicación e adaptándose ás irregularidades e formas do terreo dispoñíbel ao redor da casa. Moitas veces unha prolongación da casa, como unha peza máis.

ADEGAS

Nas ribeiras do Sil e do Miño cultívanse viñedos, donde se obtén un viño, moi apreciado pola súa excelente calidade.


As adegas que describiremos a continuación, e como consecuencia do dito anteriormente, están situadas nas zonas da Ribeira Sacra próximas a estas dúas ribeiras.

É a adega unha construción adicada á elaboración e almacenaxe do viño, que se ubica moitas veces nos baixos das vivendas e outras en construcións independentes destinadas exclusivamente a



Porta típica de adega

Pranta térrea de adega




este fin. Nela gárdanse as cubas, pipotes e todo o material propio das labores vinícolas.


Cando a disposición da casa o permite, a porta de acceso á adega sitúase na cara norte, por ser esta fachada sombría, evitando así a entrada de calor no seu interior, o que botaría a perder a colleita. A esa mesma fachada dan xeralmente dúas buratas, unha a cada lado da porta, que completan a ventilación da adega e que no verán son tapadas con ramas de fentos.

A porta da adega é un elemento da arquitectura popular moi interesante

Debuxo de adega semi-enterrada na ladeira da ribeira.




Fachada



Cara lateral

Cara posterior




para o seu estudo. De medidas amplas, que permiten o paso de enseres como cubas, moxegas, cestos, etc., está composta de dúas grosas follas practicábeis. Estas follas están divididas. A parte superior posúe unha celosía formada por grosos largueiros e travesas de madeira, deixando ocros cadrados entre elas que permiten unha boa ventilación da adega nas horas frescas do día. O resto do tempo a celosía de ventilación permanece pechada por medio de contras interiores.




Na localidade de Bouzas de Fondo, parroquia de Melias e pertencente ao

Cando a disposición da casa o permite, a porta de acceso á adega sitúase na cara norte, por ser esta fachada sombría, evitando así a entrada de calor no seu interior, o que botaría a perder a colleita.

Debuxo de adega de Bouzas de Fondo (Melias)



**Atopámonos
ante unha
adega-
monumento,
máis
elaborada que
o propio pazo
de Bouzas,
dunhas
dimensións
enormes e
perfectamente
estructurada.**



Sección transversal

Fachada da adega (visita desde a antedega)

pazo do mesmo nome, atopamos unha espléndida adega. Aínda que o sistema empregado para a súa construción é moi elaborado e se asemélla máis ás construcións relixiosas e cultas que ás populares, describímola aquí pola súa importancia.

Trátase dunha construción do ano 1883 semi-excavada na roca, a media ladeira, formando unha grande bóveda de medio canón, trabada con dovelas de pedra primorosamente labradas, máis propias dunha igrexa que dunha adega.

No seu interior aínda hoxe existen os canteiros nos que se apoiaban as grandes cubas, aproximadamente unha ducia, así como un sistema de canles subterráneos rexistrábeis executados en pedra labrada que partían en espiña de peixe hacia a canle central, que saía ao exterior, canalizando a auga de lavar as cubas.

Este corpo de adega fécchase na súa fachada principal cun grosa muro de sillería (aprox. 60 cm.) no que se abre un oco, para a porta de entrada, con recercado labrado e moldurado polas tres caras.


Chama poderosamente a atención a construción da ante-adega, así como a maxestuosa escalinata de acceso á mesma, en pedra labrada.

O corpo ubicado diante da adega, que hoxe xa perdeu a súa cuberta, posúe unha orixinal celosía na fachada, formada por pequenas columnas de sección cadrada, moi próximas entre si, dispostas con unha arista ao fronte, constituíndo deste xeito un eficaz sistema de ventilación, e ao mesmo tempo de protección dos raios solares, xa que curiosamente, e debido á ubicación do pazo, a media ladeira, a adega está orientada a poñente. De non ser por este sistema de celosía, o sol do poñente golpeando sobre a porta de entrada arruinaría o viño almacenado.

Atopámonos ante unha adega-monumento, máis elaborada que o propio pazo de Bouzas, dunhas dimensións enormes e perfectamente estruturada de afora para adentro, con escalinata de acceso, ante-adega ventilada e adega fortemente protexida e fresca ao estar semi-enterrada e abovedada con dovelas de pedra cubertas superiormente.


Non cabe dúbida de que o pazo dispuña de grandes terras cultivadas de vide e de que o viño tiña unha importancia capital na vida da xente daquela época.

Chama poderosamente a atención a construción da ante-adega, así como a maxestuosa escalinata de acceso á mesma, en pedra labrada.




FORNOS

Só as casas importantes dispuñan de forno no seu interior, unhas veces na planta baixa, co seu arco abovedado de pano recto sobresaíndo ao exterior dos muros de peche, e outras ubicado nas construcións auxiliares adosadas á vivenda.




Forno de casa importante

Debuxo de forno comunal




Pranta térrea

Vista lateral




As casas menos pudientes carecían de forno propio e cocían o pan en fornos comunais, ubicados nas prazas dos povos e rexíndose por un sistema de turnos rotatorios.

Estes fornos comunais constitúen edificacións ailladas, estando o propio forno ao fondo dun recinto ou ante-forno, onde se apilaba a leña. Exteriormente era como unha construción rural calquera, con muros de pedra e cuberta de tella.



Cara principal



Cara posterior



Só as casas importantes dispuñan de forno no seu interior, unhas veces na planta baixa, co seu arco abovedado de pano recto sobresaíndo ao exterior dos muros de peche, e outras ubicado nas construcións auxiliares adosadas á vivenda.

O forno propiamente dito, semi-cilíndrico polo exterior e abovedado polo interior tiña máis capacidade que os particulares, para dez ou doce petadas, xa que ás veces, cada familia tardaba máis dunha semana en volver a dispoñer do forno para cocer novamenete.

Destes fornos consérvanse moi poucos exemplos no territorio da Ribeira Sacra.


O MUÍÑO DE VILAR DE CERREDA

Son moitos os muíños situados a ribeiras dos ríos Loña e Mao, en multitude e regatos que regan de forma abundante estas terras ribeireñas.

No regato do Porto, Vilar de Cerreda, atopamos un exemplar importante deste tipo de construcións, hoxe moi deteriorado pola falta de uso e o continuo abandono ao que está abocado.


Hai anos, cando procedemos ao estudo, aínda se mantiñan en pé as súas principais estruturas que pasamos a describir.

O muíño executado en mampostería concertada de boa calidade, componse de un corpo central no que se sitúan o cubo para almacen de auga e o obradoiro de traballo do muiñeiro que conta con tres moas independentes.




Pranta térrea

Sección polo cubo e canle da auga




A orixinalidade deste muíño reside na combinación nunha mesma construción de dous sistemas de accionamento das moas de moer, na existencia de tres moas e no harmonioso do conxunto, que fai que unha construción eminentemente rural se integre completamente na ribeira, formando parte dela como se fose un elemento natural máis da paisaxe.




Pranta de cuberta


Vista lateral esquerda



Fachada principal



Sección transversal



Dúas delas movidas polos rodicios situados na parte inferior deste obradoiro, rodicios que son impulsados pola auga a presión que orixina o ato ou cubo. A terceira móvese polo efecto de rotación dunha grande noria lateral de canguilóns que o golpeo da auga fai xirar de forma rítmica e continua.

Adosado ao corpo central temos unha dependencia para almacén, así como un cobertizo ou zona cuberta á entrada do muiño, onde se ataban as mulas e cabaleirías que transportaban os sacos de millo ou trigo.

Perpendicularmente ao muiño, pola parte traseira, e similar na súa construción a un acueducto, acomete unha canle, que tomando auga regato arriba, lévaa até o cubo, ou deríva por medio dun canal, con inxeniosa estrutura de madeira, á propia noria até facela xirar, trasladando o seu movemento ás moas interiores.

A orixinalidade deste muiño reside na combinación nunha mesma construción de dous sistemas de accionamento das moas de moer, na existencia de tres moas e no harmonioso do conxunto, que fai que unha construción eminentemente rural se integre completamente na ribeira, formando parte dela como se fose un elemento natural máis da paisaxe.